

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PARTICIPACIÓN DO EQUIPO GAÑADOR DO PROGRAMA PARLAMENTO XOVE 2018, CATEGORÍA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, NA FASE NACIONAL DO CONCURSO DE DEBATE ESCOLAR NAS CORTES XERAIS, ORGANIZADO POLA CONFERENCIA DE PRESIDENTES Y PRESIDENTAS DE PARLAMENTOS AUTONÓMICOS.**

En Santiago de Compostela, a 4 xuño de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 (DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984) modificado o 6 de agosto de 2015 (DOG núm. 162, do 26 de agosto de 2015).

Doutra, o Sr.D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellarías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a súa competencia e capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para tales efectos

## EXPOÑEN

Primeiro. Que o Parlamento de Galicia está inmerso nunha estratexia de apertura para que o conxunto da cidadanía coñeza e participe na actividade parlamentaria, poñendo un especial empeño en multiplicar as actividades dirixidas á infancia e á mocidade facéndoos partícipes da sociedade á que pertencen dende o eido educativo a través do acercamento e ampliación de coñecementos sobre o poder lexislativo de Galicia, achegando aos escolares á propia sede de xeito que reciban in situ información sobre o desenvolvemento das principais funcións que nela se realizan, co propósito de fomentar unha cidadanía democrática e responsable presente e futura.

Segundo. Que o Presidente do Parlamento de Galicia no exercicio da súas funcións forma parte da Conferencia de Presidentas y Presidentes de Parlamentos Autonómicos, en adiante Coprepa, un foro institucional de encontro e debate das presidentas e presidentes das cámaras lexislativas das 17 comunidades autónomas de España, que sirve de escenario para o intercambio de experiencias e boas prácticas e de posta en común das fortalezas da democracia parlamentaria consagrada na Constitución Española de 1978, co obxectivo de mellorar o funcionamento das cámaras lexislativas e en consecuencia prestar un mellor servizo aos cidadáns.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social en virtude do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano competente da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. A dita consellería incide na importancia da política de Xuventude que se desenvolve fóra das aulas para completar a formación académica da mocidade en competencias, capacidades e habilidades a fin de preparalos para a vida e o traballo. Nesta lma engárcase o programa Parlamento Xove impulsado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Parlamento Xove ten por obxecto fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. A través dos encontros dialécticos poténcianse as habilidades individuais e de equipo entre as que destacan o

desenvolvemento da capacidade de selección de información, a expresión escrita, a expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razonada, o traballo en común ou a convivencia. Asemade, fomenta a lectura, a escritura, o emprego das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social en cumprimento da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, de cara á planificación xeral dos programas relacionados coa educación e coa execución de políticas transversais de educación a favor da mocidade, coordinará accións e medidas de apoio, dirixidas tanto á educación formal como á non formal, constituíndo un obxectivo prioritario desta planificación o apoio da educación non formal da xuventude como complemento da educación regrada, co propósito de contribuír á aprendizaxe permanente. Neste sentido o programa Parlamento Xove contribúe ao desenvolvemento de praticamente todas as competencias básicas. Estas son: a lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita); a matemática, porque en todos os debates os equipos manexan datos e porcentaxes que avalan as súas argumentacións; tratamento da información e destreza dixital; competencia social e cidadá, porque contribúe a convivencia dado que o traballo realiza en equipo; competencia cultural e artística, porque nos debates esíxese o emprego de figuras estilísticas; e capacidade de retórica.

Quinto. Que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é o órgano da Consellería de Política Social, que de acordo co establecido na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia lle corresponden entre outras as funcións da xestión das actuacións en materia de xuventude, as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil e o fomento da participación da xuventude na vida social.

Sexto. Que o Parlamento aproveitando o crecente interese polo debate e a oratoria, considerando que estas disciplinas gardan múltiples similitudes coa actividade parlamentaria e dada a vinculación directa entre estas habilidades e a mellora do rendemento académico dos estudantes, coa conseguinte concienciación no eido da educación respecto á necesidade de adestrar a expresión oral dende etapas tempráns ven colaborando dende hai 8 anos coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia na organización da fase final do

programa Parlamento Xove.

Sétimo. Que o Parlamento de Galicia co convencemento de proporcionar aos máis novos a posibilidade de coñecer de preto a estrutura institucional do Estado, acordou na reunión extraordinaria da Coprepa celebrada en Valladolid o 14 de abril de 2018, intensificar as iniciativas encamiñadas a achegar a institución parlamentaria e os valores democráticos á xuventude, afianzando este compromiso coa participación do equipo gañador do debate escolar de Galicia no concurso de debate escolar con representantes das diferentes Comunidades Autónomas que celebrará a súa fase nacional na sede do Senado en Madrid, coincidindo coa conmemoración do 40 aniversario da Constitución Española.

Oitavo. Que o Parlamento de Galicia e a Consellería de Política Social recoñecen a conveniencia de facer partícipes ao alumnado do programa Parlamento Xove 2018 no certame coordinado pola Coprepa por ser unha experiencia positiva a todos os niveis que propicia o enriquecemento persoal e vital dos participantes na medida na que potencian a súa autoestima, expóñense ao público e están suxeitos a valoracións de xuíces, ademais de propiciar o desenvolvemento do análise crítico, do pensamento lóxico, a comunicación no verbal, a fluidez e o traballo en equipo, sen esquecer os beneficios da interacción e a convivencia con mozos doutras comunidades autónomas compartindo experiencias, dándolles a oportunidade de vivir en primeira persoa a pluralidade de España como un valor que fortalece a todos os cidadáns.

Tendo mutuo interese ambas as partes no éxito e máxima difusión deste proxecto, subscriben este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS



### Primería. Obxecto e finalidade da cooperación

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Política Social é coordinar a participación do equipo que representara á primeira institución da Comunidade

Autónoma na fase nacional da primeira edición do Concurso de Debate Escolar organizado pola Coprepa que se levará a cabo o 25 de xuño de 2018 na sede do Senado en Madrid.

A finalidade da participación do equipo que representará á Comunidade Autónoma de Galicia nesta fase nacional é a de comprender e valorar a contribución que as institucións representativas, autonómicas, nacionais e europeas, exercen sobre o bo funcionamento da sociedade ao tempo que promove no alumnado as capacidades e competencias, propias dunha cultura democrática, relacionadas coa comprensión das condicións sociais que posibilitan a convivencia, a cooperación social e a participación da cidadanía.

### Segunda. Ámbito de aplicación

A candidatura para a participación na fase nacional da primeira edición do concurso nacional de Debate Escolar organizado pola Coprepa recaerá no equipo gañador do concurso de debate Parlamento Xove 2018, na categoría 3º e 4º da Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) que deberá cumplir os requisitos establecidos nas bases reguladoras do dito concurso nacional, equipo composto de catro alumnos titulares e un máis como suplente.

### Terceira. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Proporcionar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado o regulamento e canta información sexa necesaria de cara á participación na fase nacional do concurso escolar organizado pola Coprepa.

Realizar a inscrición do equipo no certame, a notificación en tempo e forma dos datos do equipo á Coprepa e cantas accións neste sentido sexan precisas para a participación en igualdade de condicións co resto de equipos participantes.

2. Proporcionar ao equipo e ao coordinador/a deste os medios para o traslado, aloxamento e comidas no transcurso do certame así como das actividades propostas pola organización do concurso.

4. Garantir o cumprimento das condicións xurídicas que sexan de aplicación para o desenvolvemento da fase nacional.
5. Poñer a disposición do equipo e do seu coordinador unha persoa que os acompañará durante a viaxe. Esa persoa encargarase das tarefas necesarias para o desenvolvemento da participación no concurso e a súa vez será o enlace ca organización do certame.

Pola súa parte a Consellería de Política Social asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Garantir que o equipo gañador da categoría 3º e 4º da ESO do Parlamento Xove 2018 levará a cabo as adaptacións necesarias para cumplir os requisitos da fase nacional, a modo de que estea composto polos 4 alumnos titulares ao que deberán incorporar un novo membro que actuará como suplente. Este equipo debe estar constituído antes do 25 de maio para que o Parlamento poda levar a cabo todos os trámites necesarios de cara á participación na fase nacional, que na edición do 2018 será o 25 de xuño.
2. Proporcionar ao equipo resultante das adaptacións, en adiante equipo representante, o regulamento da fase nacional do concurso de debate escolar organizado pola Coprepa, de forma que poida prepararse para participar na fase nacional cumplindo os preceptos do regulamento.
3. Demandar do centro de ensino ao que pertence o equipo representante o nomeamento dun coordinador/a que obligatoriamente será membro do equipo docente e que coa autorización expresa dos pais/nais/titores/titoras legais dos menores acompañará ao equipo durante toda a viaxe ao tempo que será responsable dos rapaces durante as actividades que se desenvolvan no marco da celebración da fase nacional do concurso incluíndo os desprazamentos que fosen necesarios.
4. Transmitir ao Parlamento de Galicia a información do equipo representante e do seu coordinador, así como os datos necesarios para o desenvolvemento deste proxecto conxunto.



- 
5. Recadar para cada un dos participantes do equipo a autorización paterna/materna/titor/a legal para participar e para que se lle poidan facer fotografías e gravar a imaxe do/da seu/súa fillo/a tutelado/a durante o desenvolvemento do certame, co obxecto de incorporalas á memoria deste proxecto, así como a difusión na web do Parlamento de Galicia e institucións análogas e a re-difusión no ámbito da fase nacional do concurso e actividades organizadas ao abeiro deste. Así mesmo, recadar a autorización ou consentimento da persoa coordinadora do equipo para o fin descrito.
6. Asegurarase que o centro educativo ten subscrito o seguro escolar obligatorio que cubre os riscos inherentes as actividades extraescolares fora do centro e que expresamente cubre as actividades como a que se vai a levar a cabo.
7. Garantir que o seguro que ten subscrito a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para as actividades nas que participa cubre os riscos inherentes ao desenvolvemento deste proxecto tanto para o equipo representante como para o seu coordinador.
8. Nomear a un representante da consellería que sirva como enlace co Parlamento de Galicia para a realización de todas as accións convxuntas de cara ao adecuado desenvolvemento do certame da fase nacional. Esta persoa representante será nomeada entre o persoal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

#### Cuarta. Financiamento

O Parlamento de Galicia farase cargo directamente dos gastos derivados da participación do equipo e o seu coordinador no concurso escolar descrito neste convenio, consistentes en aloxamento, manutención, desprazamentos e actividades a desenvolver propostas pola organización do concurso, dispoñendo dun orzamento máximo de 5.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.226.99 do estado de gastos do exercicio 2018.



#### Quinta. Comisión paritaria de seguimiento.

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actividades previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia e unha persoa en representación da Xunta de Galicia nomeada pola Consellería de Política Social. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este convenio de colaboración estará dende a súa sinatura ata a celebración da fase nacional do concurso escolar organizado pola Coprepa, cuxo remate se prevé para o 25 de xuño de 2018; sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio, que en todo caso non poderá estenderse máis alá do 31 de setembro de 2018.

As partes poderán modificar os termos deste convenio de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.
- c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do convenio.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do convenio ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste convenio, serán resoltas pola Comisión de seguimiento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, o orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

#### Sétima. Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste convenio supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

#### Oitava. Natureza xurídica

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e rexerense polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.



#### Novena. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste convenio respectaranse cuntas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando cuntas medidas

resulten necesarias para cumplir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdidas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

#### Décima. Transparencia e bo governo

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade as partes implicadas subscreiben este convenio de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

 <p>PARLAMENTO DE GALICIA</p> <p>Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia</p>	 <p>XUNTA DE GALICIA O CONSELLEIRO CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <p>José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social</p>
---	---